

Repasamos os **v e r t e b r a d o s** cun roscó de pasapalabra!!!

Escrebe a resposta en maiúscula e fíxate nos acentos.

- A** Grupo de vertebrados terrestres e acuáticos, ovíparos e que respiran cos pulmóns e a través da pel.
- B** Órganos mediante os que respiran os animais acuáticos.
- C** Hai dous grupos de peixes: os óseos e os...
- D** Raza de can moi popular por unha película de Disney...ten moitas manchas! Necesitas 101 pistas máis???
- E** Orificio polo que respiran os cetáceos.
- F** Ave rapaz carnívora con poutas e peteiro fortes e afiados.
- G** "Contén o G" Un subgrupo dos réptiles. (Hai dúas respostas válidas)
- H** Animais que só se alimentan de plantas.

 “Contén o I” Mamíferos terrestres que teñen cinco dedos nas mans e nos pés.

 Animal carnívoro con caires afiados e fortas poutas para cazar.

 Grupo de animais vivíparos, que respiran por pulmóns e teñen o corpo cuberto de pelo.

 Grupo de aves que teñen as dedas unidas por unha membrana para nadar.

 Animais que comen alimentos de orixe animal e vexetal.

 En galego as “garras” son as...

 Última parte da que consta o corpo dos vertebrados.

 Pequeno mamífero que vive en grupos nos que sempre destaca un por estar vixiando de pé.

 Grupo de réptiles ovíparos que teñen no lombo unha cuberta.

 (Contén o “u”) Os animais vertebrados teñen unha c... vertebral.

 Animal do grupo dos réptiles e do subgrupo das serpes.

 (Contén o “x”) O grupo máis numeroso das aves, hainas que cantan.

 Mamífero carnívoro salvaxe, ten o focinho e as orellas afiadas e o rabo longo e peludo. Ollo, vai en castelán!